



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Número 199
19 de maio de 2025

CSV: BOPGDSPG-12daT24Zq-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

Aprobación por unanimidade sen modificacións

I 17894 (12/PNC-001662)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e oito deputados/as máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da adopción de medidas para promover o emprendemento cooperativo

[83975](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 1760 (12/PNC-000211)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia do compromiso de asumir o modelo de xestión pública directa para a nova residencia de maiores da Eiriña, en Pontevedra

[83975](#)

I 20151 (12/PNC-001878)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións das subvencións para a prestación do servizo das casas niño

[83976](#)

I 22266 (12/PNC-002087)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego no que atinxe ao incremento do prezo das prazas das residencias privadas de maiores

[83976](#)

I 23905 (12/PNC-002196)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe tomar no sistema sanitario para afrontar a covid persistente

[83976](#)



1.4. Procedementos de información

1.4.5. Respostas a preguntas

Coñecemento da resposta, remisión aos deputados e publicación

I 24938 - 9908 (12/PRE-003614)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre o nivel de eficacia das políticas de emprego seguidas pola Xunta de Galicia

[83990](#)

I 25063 - 12040 (12/PRE-003923)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da continuidade do Departamento de Lingua Portuguesa do IES San Paio, de Tui

[83993](#)

I 24936 - 12934 (12/PRE-003999)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a evolución en Galicia da perda de capital humano cualificado

[83995](#)

I 24793 - 13043 (12/PRE-004015)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 8 máis

Sobre o estado en que se atopa o proceso de dixitalización da Administración de xustiza que está a promover o Goberno galego

[83999](#)

I 25064 - 12039 (12/PRE-005234)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da continuidade do Departamento de Lingua Portuguesa do IES San Paio, de Tui, e o cumprimento da Lei Paz Andrade nos centros de educación secundaria

[84001](#)

I 24937 - 12933 (12/PRE-005305)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a evolución en Galicia da perda de capital humano cualificado e as medidas adoptadas ata agora polo Goberno galego, así como as proxectadas cara adiante, para frear a fuga de talento

[84003](#)

I 24788 - 13042 (12/PRE-005321)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 8 máis

Sobre o estado en que se atopa o proceso de dixitalización da Administración de xustiza que está a promover o Goberno galego

[84007](#)



I 25073 - 17274 (12/PRE-005623)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre o prazo previsto pola Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas para a aprobación, conforme o disposto na Lei 38/2003, do plan estratéxico de subvencións

[84009](#)

I 24794 - 22269 (12/PRE-006032)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre o comportamento das entidades e empresas xestoras de residencias de maiores privadas na fixación dos seus prezos

[84014](#)

I 25072 - 22316 (12/PRE-006037)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as previsións que ten o Goberno galego respecto da elaboración de informes relativos á evolución do cambio climático e ás súas repercusións en Galicia

[84016](#)

I 24792 - 22322 (12/PRE-006038)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre o alcance, a orixe e a valoración da proposta de integración dos centros de información á muller (CIM) no sistema VioXén

[84019](#)

I 24789 - 22385 (12/PRE-006046)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre o cumprimento da Lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia no referido á presenza de mulleres nos corpos da Policía Local

[84022](#)

I 24935 - 22465 (12/PRE-006053)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago

Sobre a postura da Xunta de Galicia respecto da proposta de actualización da Lei de eleccións ao Parlamento de Galicia para permitir o voto desde os 16 anos de idade

[84024](#)

I 24790 - 22476 (12/PRE-006055)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre o número de proxectos financiados polo Goberno galego nos concellos da comarca de Ferrol en 2024 e os previstos para a mesma comarca con cargo aos orzamentos de 2025, así como as súas correspondentes contías

[84026](#)

I 24791 - 22608 (12/PRE-006069)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis



Sobre as características da sala de atención a vítimas especialmente vulnerables externa aos edificios xudiciais que se creará no concello de Ferrol e os prazos para a súa posta en marcha [84029](#)

I 24795 - 22645 (12/PRE-006070)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes

Sobre as medidas de reforzo positivo da lingua galega que está a impulsar o Goberno galego no ámbito das administracións públicas e da xustiza [84031](#)

I 25071 - 22674 (12/PRE-006072)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre as medidas que o Goberno galego prevé engadir en caso de poñer en marcha o II Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual [84033](#)

I 25070 - 22727 (12/PRE-006078)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da disposición da Administración de xustiza das ferramentas precisas para poder desenvolver a súa xestión en galego ou en castelán de forma indistinta [84036](#)

I 25069 - 22786 (12/PRE-006085)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co traslado das instalacións que ten no espazo natural de interese local Xunqueira de Alba, en Pontevedra [84038](#)

I 24934 - 22937 (12/PRE-006101)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a postura do Goberno galego en relación coa política exterior do actual presidente de Estados Unidos e coa decisión da Comisión Europea de constituír un fondo extraordinario para incrementar os gastos de defensa [84040](#)

I 25068 - 22966 (12/PRE-006111)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o impulso das obras da Autovía da Costa da Morte [84042](#)

I 25067 - 24220 (12/PRE-006840)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre o nivel de execución dos programas orzamentarios relativos ás políticas activas de emprego, concretamente no que atinxe ao fomento da empregabilidade, e as previsións ao respecto [84044](#)



I 25066 - 24225 (12/PRE-006841)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre o nivel de execución dos programas orzamentarios relativos ás políticas activas de emprego, concretamente no que atinxe á formación profesional para desempregados, e as previsións ao respecto [84047](#)

I 25065 - 24230 (12/PRE-006842)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre o nivel de execución dos programas orzamentarios relativos ás políticas activas de emprego, concretamente no que atinxe á formación profesional para ocupados, e as previsións ao respecto [84050](#)

1.6. Procedementos de elección, designación e proposta de nomeamento**1.6.13. Director/ra xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia S.A.**

COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA CORPORACIÓN DA RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA

I Acordo do 16 de maio de 2025 pola que se propón como candidata ao cargo de directora xeral da CSAG a María Concepción Pombo Romero [83980](#)

3. Administración do Parlamento de Galicia**3.2. Recursos humanos**

I Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 13 de maio de 2025, polo que se anuncia a convocatoria e se aproban as bases para a provisión, polo sistema de concurso, do posto AP23 do corpo administrativo no Servizo de Asistencia Parlamentaria [83980](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na súa sesión do 15 de maio de 2025, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 17894 (12/PNC-001662)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e oito deputados/as máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da adopción de medidas para promover o emprendemento cooperativo

BOPG nº 147f2, do 29.01.2025

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 16 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Seguir establecendo medidas para xerar, desde a Administración autonómica, ferramentas que faciliten o emprendemento cooperativo.

2. Difundir a través de campañas a fórmula do cooperativismo como unha forma de autoemprego e divulgar entre os máis novos as vantaxes deste tipo de emprendemento.»

Rexeitamento da iniciativa

- 1760 (12/PNC-000211)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia do compromiso de asumir o modelo de xestión pública directa para a nova residencia de maiores da Eiriña, en Pontevedra

BOPG nº 16f2, do 24.04.2024

Sométese a votación e resulta rexeitada por 7 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.



- 20151 (12/PNC-001878)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións das subvencións para a prestación do servizo das casas niño

BOPG nº 162f1, do 26.02.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 7 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

- 22266 (12/PNC-002087)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego no que atinxe ao incremento do prezo das prazas das residencias privadas de maiores

BOPG nº 182f1, do 02.04.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 7 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

- 23905 (12/PNC-002196)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe tomar no sistema sanitario para afrontar a covid persistente

BOPG nº 188f1, do 16.04.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 7 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2025

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

1.4. Procedementos de información

1.4.5. Respostas a preguntas

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 13 de maio de 2025, tivo coñecemento das respostas da Xunta de Galicia ás seguintes preguntas con resposta escrita:

Coñecemento da resposta, remisión aos deputados e publicación

- 24938 - 9908 (12/PRE-003614)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre o nivel de eficacia das políticas de emprego seguidas pola Xunta de Galicia



- 25063 - 12040 (12/PRE-003923)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da continuidade do Departamento de Lingua Portuguesa do IES San Paio, de Tui

- 24936 - 12934 (12/PRE-003999)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a evolución en Galicia da perda de capital humano cualificado

- 24793 - 13043 (12/PRE-004015)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 8 máis

Sobre o estado en que se atopa o proceso de dixitalización da Administración de xustiza que está a promover o Goberno galego

- 25064 - 12039 (12/PRE-005234)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da continuidade do Departamento de Lingua Portuguesa do IES San Paio, de Tui, e o cumprimento da Lei Paz Andrade nos centros de educación secundaria

- 24937 - 12933 (12/PRE-005305)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a evolución en Galicia da perda de capital humano cualificado e as medidas adoptadas ata agora polo Goberno galego, así como as proxectadas cara adiante, para frear a fuga de talento

- 24788 - 13042 (12/PRE-005321)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 8 máis

Sobre o estado en que se atopa o proceso de dixitalización da Administración de xustiza que está a promover o Goberno galego

- 25073 - 17274 (12/PRE-005623)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre o prazo previsto pola Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas para a aprobación, conforme o disposto na Lei 38/2003, do plan estratéxico de subvencións

- 24794 - 22269 (12/PRE-006032)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre o comportamento das entidades e empresas xestoras de residencias de maiores privadas na fixación dos seus prezos



- 25072 - 22316 (12/PRE-006037)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as previsións que ten o Goberno galego respecto da elaboración de informes relativos á evolución do cambio climático e ás súas repercusións en Galicia

- 24792 - 22322 (12/PRE-006038)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre o alcance, a orixe e a valoración da proposta de integración dos centros de información á muller (CIM) no sistema VioXén

- 24789 - 22385 (12/PRE-006046)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre o cumprimento da Lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia no referido á presenza de mulleres nos corpos da Policía Local

- 24935 - 22465 (12/PRE-006053)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago

Sobre a postura da Xunta de Galicia respecto da proposta de actualización da Lei de eleccións ao Parlamento de Galicia para permitir o voto desde os 16 anos de idade

- 24790 - 22476 (12/PRE-006055)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre o número de proxectos financiados polo Goberno galego nos concellos da comarca de Ferrol en 2024 e os previstos para a mesma comarca con cargo aos orzamentos de 2025, así como as súas correspondentes contías

- 24791 - 22608 (12/PRE-006069)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre as características da sala de atención a vítimas especialmente vulnerables externa aos edificios xudiciais que se creará no concello de Ferrol e os prazos para a súa posta en marcha

- 24795 - 22645 (12/PRE-006070)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes

Sobre as medidas de reforzo positivo da lingua galega que está a impulsar o Goberno galego no ámbito das administracións públicas e da xustiza

- 25071 - 22674 (12/PRE-006072)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia



Sobre as medidas que o Goberno galego prevé engadir en caso de poñer en marcha o II Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual

- 25070 - 22727 (12/PRE-006078)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da disposición da Administración de xustiza das ferramentas precisas para poder desenvolver a súa xestión en galego ou en castelán de forma indistinta

- 25069 - 22786 (12/PRE-006085)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co traslado das instalacións que ten no espazo natural de interese local Xunqueira de Alba, en Pontevedra

- 24934 - 22937 (12/PRE-006101)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a postura do Goberno galego en relación coa política exterior do actual presidente de Estados Unidos e coa decisión da Comisión Europea de constituír un fondo extraordinario para incrementar os gastos de defensa

- 25068 - 22966 (12/PRE-006111)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o impulso das obras da Autovía da Costa da Morte

- 25067 - 24220 (12/PRE-006840)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre o nivel de execución dos programas orzamentarios relativos ás políticas activas de emprego, concretamente no que atinxe ao fomento da empregabilidade, e as previsións ao respecto

- 25066 - 24225 (12/PRE-006841)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre o nivel de execución dos programas orzamentarios relativos ás políticas activas de emprego, concretamente no que atinxe á formación profesional para desempregados, e as previsións ao respecto

- 25065 - 24230 (12/PRE-006842)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre o nivel de execución dos programas orzamentarios relativos ás políticas activas de emprego, concretamente no que atinxe á formación profesional para ocupados, e as previsións ao respecto

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2025

María Elena Candía López

Vicepresidenta 1ª



1.6. Procedementos de elección, designación e proposta de nomeamento

1.6.13. Director/ra xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia S.A.

COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA CORPORACIÓN DA RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA

Acordo do 16 de maio de 2025 pola que se propón como candidata ao cargo de directora xeral da CSAG a María Concepción Pombo Romero

A Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da Radio-Televisión de Galicial, na reunión do día 16 de maio de 2025, acordou, por 9 votos a favor e 8 votos en branco, propoñer como candidata ao cargo de directora xeral da CSAG a María Concepción Pombo Romero (12/DXCA-000001).

O que se publica para xeral coñecemento e para os efectos do previsto no artigo 34 da Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2025

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 13 de maio de 2025, polo que se anuncia a convocatoria e se aproban as bases para a provisión, polo sistema de concurso, do posto AP23 do corpo administrativo no Servizo de Asistencia Parlamentaria.

De conformidade co disposto no artigo 28 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia e nas normas reguladoras das bases xerais para as convocatorias das provisións de postos de traballo polo sistema de concurso de méritos, acórdase convocar e aprobar as seguintes bases:

PRIMEIRO. Obxecto da convocatoria

Convocar concurso de méritos para a provisión do posto de traballo que figura no anexo I desta convocatoria, que se axustará ao disposto nas normas reguladoras das bases xerais para as convocatorias das provisións de postos de traballo polo sistema de concurso de méritos no Parlamento de Galicia.

SEGUNDO. Requisitos e condicións de participación

Poderá participar nesta convocatoria o persoal funcionario de carreira pertencente ao corpo administrativo do Parlamento de Galicia que se atope en servizo activo, en situación de servizos especiais ou en calquera outra situación administrativa, sempre que teña dereito á reserva de posto de traballo no Parlamento de Galicia e reúna as condicións xerais e os requisitos determinados nesta convocatoria na data de finalización do prazo de presentación de solicitude.



Só poderá participar o persoal funcionario que, reunindo os requisitos anteriores, conte con, cando menos, dous anos de permanencia de servizo no seu destino anterior á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, agás que fose removido do seu posto de libre designación, proceda dun posto de traballo suprimido ou se encontre en adscrición provisional.

TERCEIRO. Forma e prazo de presentación de solicitudes

Quen desexe tomar parte deste concurso presentará a súa solicitude, que se axustará ao modelo publicado como anexo III desta convocatoria, no prazo de quince días hábiles contados dende o día seguinte á súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

As solicitudes irán dirixidas á Oficialía Maior e presentaranse no Rexistro do Parlamento de Galicia ou, se é o caso, na forma establecida no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A presentación da solicitude de participación (anexo III) serve como solicitude de emisión da certificación de méritos cuxos documentos acreditativos figuren no Rexistro de Persoal, ou unidade competente, á finalización do prazo de presentación de solicitudes. Logo de ser expedida a certificación polo Servizo de Persoal e Réxime Interior, será remitida á persoa solicitante e á comisión de méritos.

As persoas participantes que desexen acreditar méritos doutras administracións públicas deberán achegar xunto coa solicitude de participación o certificado de méritos a que se refire o anexo V, ou ben achegar copia que poña de manifesto que foi solicitado.

Deberase igualmente presentar unha relación na que se enumeren os méritos que desexe acreditar a persoa concursante, consignando detalladamente os alegados para o posto de traballo relacionado no anexo I desta convocatoria. Para estes efectos, os méritos alegados deberán ser acreditados mediante a presentación de certificacións ou títulos orixinais ou fotocopias compulsadas.

A experiencia desenvolta no Parlamento de Galicia será igualmente mencionada na solicitude indicando os períodos, tarefas e funcións encomendadas ao posto ou aos postos de traballo desempeñados pola persoa concursante, de acordo coas funcións da relación de postos de traballo, sendo necesario que se identifiquen expresamente os períodos de tempos sobre os cales se alegan os ditos méritos conforme ao anexo IV.

CUARTO. Admisión de aspirantes

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Oficialía Maior ditará unha resolución en que declarará aprobada a lista provisional de persoas admitidas e excluídas. Na devandita resolución, que se publicará na páxina web do Parlamento de Galicia, sinalarase un prazo de 10 días hábiles para reparar as causas de exclusión ou omisión.

Logo de transcorrer o prazo de reparación, a Oficialía Maior aprobará a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, que se publicará na páxina web do Parlamento de Galicia, <http://www.parlamentodegalicia.gal/Institucion/ProcedementosSelectivos>.



QUINTO. Comisión de méritos

A comisión de méritos terá a composición prevista no artigo 1 do Acordo da Mesa do Parlamento, do 17 de xullo de 2024, polo que se aproban as normas sobre a composición dos tribunais dos procesos selectivos e das comisións de valoración da Administración do Parlamento de Galicia e o seu nomeamento será obxecto de publicación na páxina web do Parlamento de Galicia.

A comisión de méritos poderá solicitar á Oficialía Maior a designación de persoas expertas que, en calidade de asesoras, actuarán con voz pero sen voto.

A comisión de méritos, no prazo non superior a un mes, contado desde o día seguinte a aquel en que finalice o prazo de presentación de instancias, publicará na web do Parlamento de Galicia a resolución coa relación das persoas aspirantes presentadas ao concurso, con indicación da puntuación recoñecida por cada un dos méritos alegados. Contra esta resolución as persoas interesadas poderán interpoñer reclamación ante a comisión de méritos no prazo de 5 días hábiles.

Nun prazo non superior a 15 días hábiles, contado desde o seguinte ao da súa presentación, a comisión de méritos resolverá as reclamacións presentadas, se as houber, notificará o resultado destas ás persoas interesadas e elevará unha proposta á Presidencia do Parlamento de Galicia, de resolución do concurso a favor da persoa que acade a mellor puntuación de entre as que consigan a mínima exixida.

A abstención e recusación dos membros da comisión de méritos será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

SEXTO. Valoración de méritos

A valoración dos méritos para a adxudicación das prazas efectuarase de acordo co establecido no artigo 2 das Normas reguladoras das bases xerais para as convocatorias das provisións de postos de traballo polo sistema de concurso de méritos no Parlamento de Galicia.

Os méritos xerais valoraranse cun máximo de 27 puntos.

Os méritos específicos valoraranse cun máximo de 9 puntos. Esta valoración levarase a cabo mediante a asignación da puntuación reflectida no anexo II.

A puntuación mínima para optar á adxudicación dun posto fíxase en 12 puntos. Ao respecto, considérase que a puntuación mínima que cómpre acadar deberá ser dun mínimo de 9 puntos en méritos xerais e de 3 puntos en méritos específicos.

SÉTIMO. Resolución e toma de posesión

A resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia que adxudicará definitivamente os postos ofertados a aquela persoa aspirante que obtivese a maior puntuación publicarase no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.



O prazo de toma de posesión, que será de tres días hábiles, empezará a contarse ao día seguinte do cesamento, que deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes á publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* da resolución do concurso.

OITAVO. Recursos

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

ANEXO I - POSTO VACANTE

Nº	Denominación	Grupo	Corpo	Nivel	Complemento específico	Adscrición	Formación	Méritos Específicos
AP23	Administrativa/o	C	Administrativo	20	18.368,28 €	APG	· ÁGORA. · TECO · Tramitación de leis. · Elaboración de documentos administrativos. · Rexistro. · Atención ao público.	Anexo II

FUNCIÓNS DO POSTO:

-O apoio administrativo aos órganos parlamentarios e a elaboración de documentación preparatoria e derivada da súa actividade.

-A asistencia ás reunións dos órganos parlamentarios e o desenvolvemento nestes dos labores de apoio administrativo.

-A asistencia administrativa aos responsables das unidades administrativas ou áreas funcionais.

-A realización das tarefas administrativas que requiran os procedementos parlamentarios e os procedementos de xestión das diversas unidades da Administración parlamentaria mediante a utilización de taquigrafía, mecanografía, tratamento de textos e outras aplicacións informáticas.

-A colaboración na recompilación e ordenación de información e elaboración de documentación derivada da xestión parlamentaria.

-A colaboración na alimentación e explotación das fontes documentais do Servizo e a consulta de precedentes da Administración parlamentaria.

-Traballos de edición e transcripción.

-A alimentación e consulta das bases de datos do servizo.

-A actualización e consulta dos contidos da páxina web do Parlamento de Galicia nas materias competencia do servizo.



-As demais función xenéricas correspondentes ao corpo administrativo.

-Aqueles funcións propias do corpo administrativo que lles sexan encomendadas polos superiores xerárquicos en atención ao grao de especificidade, dificultade técnica, responsabilidade ou demais condicións particulares dos postos que en cada caso ocupen, e que determinaron a súa configuración na relación de postos de traballo.

-Aqueles funcións que, ao seren análogas ás anteriores ou teren carácter instrumental para garantir o correcto desempeño das competencias da unidade administrativa, lles asignen os órganos superiores competentes e as normas que sexan aplicables.

ANEXO II – MÉRITOS ESPECÍFICOS

MÉRITOS		VALORACIÓN Puntos/mes	PUNTUACIÓN MÁXIMA
Emprego de ferramentas informáticas de xestión parlamentaria	Ágora	Mes de exercicio: 0,03	3
	Teco	Mes de exercicio: 0,03	
Asistencia a órganos da Cámara	Asistencia presencial	Mes de exercicio: 0,01	3
	Seguimento de procedementos derivados dos órganos da Cámara Lexislativos Comisións especiais		
		Mes de exercicio: 0,01	
		Mes de exercicio: 0,01	
	Preparación de sesións: convocatorias, documentación, guións, publicación en web e transparencia	Mes de exercicio: 0,01	
Rexistro de documentos	Execución de acordos, redacción de actas, sinatura dixital, arquivo	Mes de exercicio: 0,01	3
	Extractos de contidos	Mes de exercicio: 0,01	
	Rexistro de intereses	Mes de exercicio: 0,01	
	Compulsa de documentos	Mes de exercicio: 0,01	
	Asistencia aos usuarios	Mes de exercicio: 0,01	
Rexistro de documentos	Anotacións no Rexistro	Mes de exercicio: 0,01	3



ANEXO III - SOLICITUDE DA PERSOA INTERESADA

Datos da persoa interesada		
Nome e apelidos		DNI
Corpo	Grupo	Escala
Denominación do posto		
Datos da representación		
Tipo de persoa		
☐ Física ☐ Xurídica		
Nome e apelidos/Razón social		NIF/CIF
Poder de representación que ten		



Obxecto da solicitude
EXPÓN PRIMEIRO. Que, visto o anuncio de convocatoria de provisión polo procedemento de concurso de méritos do posto de _____, do Parlamento de Galicia, cre reunir todas e cada unha das condicións esixidas nas bases referidas á data de expiración do prazo de presentación da instancia. SEGUNDO. Que declara coñecer e aceptar as bases para a provisión do posto polo sistema de concurso de méritos.
DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE Estar en situación de servizo activo ou en calquera outra situación administrativa, excepto a de suspensión firme. Que permaneceu dous anos como mínimo no seu actual posto definitivo de traballo ata a data de finalización do prazo de presentación das instancias, salvo as excepcións que prevé a lei. Pertencer ao corpo/escala a que está adscrito o posto convocado, así como cumprir os requisitos del establecidos na relación de postos de taballo.
Titulación, traballos, cursos de formación e perfeccionamento, antigüidade e relación de méritos alegados:
Por todo o cal, SOLICITO que, de conformidade co disposto nas Normas reguladoras das bases xerais para as convocatorias das provisións de postos de traballo polo sistema de concurso de méritos no Parlamento de Galicia, se admita esta solicitude para o proceso de provisión referenciado.

Deber de informar sobre protección de datos	
☐ Fun informado de que o Parlamento de Galicia vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a tramitación e xestión de expedientes administrativos.	
Responsable	Parlamento de Galicia
Finalidade principal	Tramitación, xestión de expedientes administrativos e actuacións administrativas derivadas destes.
Lexitimación	Normas reguladoras das bases xerais para as convocatorias das provisións de postos de traballo polo sistema de concurso de méritos
Cesión de dtos	Non hai previsión de transferencias a terceiros países.
Dereitos	Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outros dereitos que lles correspondan, tal e como se explica na información adicional
Información adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre protección de datos no seguinte enderezo: http://www.parlamentodegalicia.gal/Portada/ProteccionDatos

Declaro baixo a miña responsabilidade que os datos facilitados son certos.

Santiago de Compostela, _____

Sinatura.



ANEXO IV - MÉRITOS ESPECÍFICOS ALEGADOS PARA O POSTO

DNI	NOME E APELIDOS

Nº POSTO SOLICITADO	MÉRITOS ESPECÍFICOS ALEGADOS	POSTO AO QUE SE REFIERE E CARÁCTER DA OCUPACIÓN	PERÍODO DE TEMPO	DOCUMENTACIÓN QUE O ACREDITA

Deber de informar sobre protección de datos	
☐ Fun informado de que o Parlamento de Galicia vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a tramitación e xestión de expedientes administrativos.	
Responsable	Parlamento de Galicia
Finalidade principal	Tramitación, xestión de expedientes administrativos e actuacións administrativas derivadas destes.
Lexitimación	Normas reguladoras das bases xerais para as convocatorias das provisións de postos de traballo polo sistema de concurso de méritos
Cesión de datos	Non hai previsión de transferencias a terceiros países.
Dereitos	Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outros dereitos que lles correspondan, tal e como se explica na información adicional
Información adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre protección de datos no seguinte enderezo: http://www.parlamentodegalicia.gal/Portada/ProteccionDatos

Declaro baixo a miña responsabilidade que os datos facilitados son certos.
Santiago de Compostela, _____
Sinatura.



ANEXO V – CERTIFICADO DE MÉRITOS

D/Dª					
Cargo					
CERTIFICO: Que, segundo os antecedentes que constan nesta unidade, o/a funcionario/a ten acreditados os seguintes datos:					
1. DATOS PERSOAIS					
Apelidos e nome			DNI		
Corpo ou escala			Grupo		
Administración á que pertence			Grao persoal		
2. SITUACIÓN ADMINISTRATIVA NO CORPO OU ESCALA DESDE O QUE SE PRESENTA AO CONCURSO					
3. DESTINO					
3.1 DESTINO DEFINITIVO					
Administración:					
Denominación do posto					
Localidade:					
Toma de posesión:			Nivel do posto:		
3.2 DESTINO PROVISIONAL					
a) Comisión de servizos en:			Denominación posto:		
Localidade:		Data de toma de posesión:		Nivel:	
b) Reingreso con carácter provisional en:					
Localidade:		Data de toma de posesión:		Nivel:	
c) Outros supostos:					
☐ Por cesamento ou remoción do posto			☐ Por supresión do posto		
4. MÉRITOS					
4.1 Postos desempeñados, excluído o destino actual.					
Denominación	Corpo ou escala	Grupo	Anos	Meses	Día
4.2 Grao persoal:			Data de consolidación:		
4.3 Cursos de formación e perfeccionamento:					
4.4 Grao de coñecemento do idioma galego:					



4.5 Titulacións académicas:					
Titulacións académicas en xeral:					
Titulacións relacionadas co/s posto/s de traballo:					
4.6 Antigüidade: Tempo de servizos recoñecidos nas administracións ata a data de publicación da convocatoria:					
Administración	Corpo ou escala	Grupo	Anos	Meses	Día
4.7 Exercicio de dereitos de conciliación:					
MÉRITOS				Tempo de exercicio	
Emprego de ferramentas informáticas de xestión parlamentaria	Ágora			Meses de exercicio:	
	Teco			Meses de exercicio:	
Asistencia a órganos da Cámara	Asistencia presencial			Meses de exercicio:	
	Seguimento de procedementos derivados dos órganos da Cámara Lexislativos Comisións especiais			Meses de exercicio:	
	Preparación de sesións: convocatorias, documentación, guións, publicación en web e transparencia			Meses de exercicio:	
	Execución de acordos, redacción de actas, sinatura dixital, arquivo			Meses de exercicio:	
Rexistro de documentos	Extractos de contidos			Meses de exercicio:	
	Rexistro de intereses			Meses de exercicio:	
	Compulsa de documentos			Meses de exercicio:	
	Asistencia aos usuarios			Meses de exercicio:	
	Anotacións no Rexistro			Meses de exercicio:	

CERTIFICACIÓN que expido a petición da persoa interesada e para que surta efectos no concurso convocado por Acordo da Mesa do Parlamento do BOPG núm
Santiago de Compostela, _____
Sinatura.

Observacións:





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 9908**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"o nivel de eficacia das políticas de emprego seguidas pola Xunta de Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"O mercado laboral galego continúa avanzando tal e como reflicten os últimos datos de afiliacións. Febreiro rexistrou preto de 17.000 novas afiliacións en relación co anterior e preto de 5.000 máis que en xaneiro. Deste xeito, Galicia pechou febreiro con 1.071.948 cotizantes, situándonos nun nivel superior a hai 16 anos.

Así mesmo, o índice de envellecemento en Galicia no ano 2023 é de 218,09 (datos INE), o segundo máis alto de España, por detrás de Asturias, e supera en 80,76 puntos a media nacional. A pesar deste condicionante, os datos da EPA do 1.º trimestre de 2025 reflicten unha evolución positiva para Galicia no relativo a ocupación. Na comparativa anual, presenta o mellor escenario posible cun incremento da poboación activa, xunto cun aumento da ocupación e un descenso do paro. A cifra de ocupados, con 1.150.100, é a máis alta nun 1.º trimestres desde 2009, presentando un incremento de 22.400 empregados.

O número de parados, con 111.000, é a cifra máis baixa nun 1.º trimestre desde 2008 e diminuíu no último ano en 20.600 persoas. Ademais, somos a segunda Comunidade Autónoma na que máis baixa o paro no último ano. O número de activos medrou no último ano en 1.800 persoas, o que supón que a cifra de poboación activa en Galicia se sitúe en 1.261.100. Deste xeito, a taxa de actividade sitúase no 53%.

En relación ás taxas, a taxa de paro (8,8%) diminúe e rexistra a menor taxa de paro nun primeiro trimestre en 17 anos e, ademais, continúa sendo menor que a do Estado (11,36). A taxa de paro feminino continúa sendo menor en Galicia (9,37), situándose en 3,35 puntos por debaixo do conxunto do Estado (12,72). A taxa de paro xuvenil continúa sendo menor en Galicia (18,3), situándose en 1,64 puntos por debaixo do conxunto do Estado (19,9).

A taxa de ocupación (48,3%) aumenta. Galicia conta coa maior taxa de emprego nun primeiro trimestre en 16 anos. Ademais, a taxa de ocupación da poboación en idade laboral (de 16 a 64 anos) supera á estatal en 0,42 puntos (Galicia: 67,42 / España: 67)".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2025 11:17:15
Nº Rexistro: 24938
Data envío: 06/05/2025 11:17:15.307

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/05/2025 11:17:15

CSV: BOPGDSPG-12daT24Zq-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 12040**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas, dona Iria Taibo Corsanego e dona Cristina Fernández Davila, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto da continuidade do Departamento de Lingua Portuguesa do IES San Paio, de Tui"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 12115 e debatida no Pleno do Parlamento, o 9 de outubro de 2025; á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O debate pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=N2IOZTk2NmUtZjNkMy00ZGVkLWI0NTAtOGU1MGQxNjg1M2Ni&start=7038.699>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/05/2025 16:31:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2025 16:31:13
Nº Rexistro: 25063
Data envío: 07/05/2025 16:31:13.847

CSV: BOPGDSPG-12daT24Zq-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 12934**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a evolución en Galicia da perda de capital humano cualificado"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"O mercado laboral galego continúa avanzando tal e como reflicten os últimos datos de afiliacións. Febreiro rexistrou preto de 17.000 novas afiliacións en relación co ano anterior e preto de 5.000 máis que en xaneiro. Deste xeito, Galicia pechou febreiro con 1.071.948 cotizantes, situándonos nun nivel superior a hai dezaseis anos.

A poboación moza é unha das principais prioridades dentro da comunidade autónoma de Galicia, tanto no ámbito do desenvolvemento social en xeral, como da inserción activa no mercado laboral en particular.

Galicia acadou nos últimos meses cifras históricas á baixa de desemprego xuvenil. A máis recente (marzo 2025): 13.873 desempregados menores de 30 anos. Diminúe o paro nos menores de 30 anos (-3,64%), rexistrando a cifra máis baixa desde que hai rexistros (2005).

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2025 11:16:57
Nº Rexistro: 24935
Data envío: 06/05/2025 11:16:57,417

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/05/2025 11:16:57

CSV: BOPGDSPG-12daT24Zq-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 22476**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso, dona Patricia Iglesias Rey e dona Paloma Castro Rey, sobre **"o número de proxectos financiados polo Goberno galego nos concellos da comarca de Ferrol en 2024 e os previstos para a mesma comarca con cargo aos orzamentos de 2025, así como as súas correspondentes contías"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A través das principais liñas de axuda dirixidas a concellos e xestionadas pola Dirección Xeral de Administración Local, 19 concellos da área de Ferrol obtiveron, no ano 2024, axudas por importe de 1.833.395,07€, todos agás o concello de Ferrol que unicamente presentou solicitude na liña completivado Fondo de Compensación Ambiental e que lle foi denegada.

A orde de infraestruturas permitiu executar 4 proxectos por importe de 133.686,80€ a través dos que colaborouse cos concellos para construír, mellorar, ampliar ou rehabilitar os edificios e dependencias municipais destinados á prestación de servizos municipais e melloráronse tres parques infantís municipais.

A través da liña competitiva do Fondo de Compensación Ambiental subvencionáronse 3 proxectos por importe de 88.627,09€, mediante os que se contribuíu á modernización tecnolóxica e o desenvolvemento sustentable dos concellos coa adquisición de dous vehículos eficientes e outro material para a xestión do medio ambiente. A liña non competitiva do Fondo de Compensación Ambiental, con este mesmo obxectivo xeral, permitiu executar 11 proxectos por importe de 858.461,72€, destinados a limpeza e adecuación de rutas de sendeirismo, mellora dos servizos medioambientais, adquisición de diverso material, tractores, colectores de lixo, mellora das redes de saneamento e abastecemento municipal e outros proxectos de conservación, mantemento e restauración do medioambiente e reequilibrio territorial.

No 2024 a Xunta de Galicia puxo en marcha unha nova liña de axudas plurianual para o período 2024-2025 cofinanciada con fondos FEDER ao 60% destinada á execución de obras de eficiencia enerxética consistentes na mellora da envolvente térmica dos edificios e infraestruturas municipais, instalación de sistemas de iluminación eficiente no interior dos edificios e infraestruturas municipais; e mellora dos sistemas de climatización e calefacción nos edificios e infraestruturas municipais, da que foron beneficiarios 2 proxectos da contaron de Ferrol que obtiveron 151.220,27€ de financiamento.


Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2025 13:31:43
Nº Rexistro: 24790
Data envío: 02/05/2025 13:31:43,112

A liña de colaboración cos concellos de menos de 15.000 habitantes destinada a obras de mellora da eficiencia enerxética e financiada co fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinou, nesta área, 449.723,23€ aos proxectos presentados por 8 concellos.

Gracias a orde de axudas destinada ao financiamento dos servizos municipais de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas 11 concellos de Ferrol obtiveron axuda para o cofinanciamiento deste servizo por importe de 105.175,96€.

Por último indicar que os concellos de Narón, Ortigueira e Valdoviño obteñen da Dirección Xeral de Administración Local 46.500€ para o financiamento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipal dos que son sede.

Polo que respecta aos fondos consignados para este ano, non existe unha previsión sobre os concellos que resultarán beneficiarios das diferentes liñas de colaboración xestionadas pola Dirección Xeral de Administración Local xa que, resólvense polo procedemento de concorrència competitiva agás a liña non competitiva do FCA que, na área de Ferrol conta con 11 concellos potenciais beneficiarios que teñen persignado o importe total de 856.590,99€, tal e como se desprende do Anexo V da Orde do 23 de xaneiro de 2025, pola que se regulan os criterios de reparto e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrència non competitiva e da liña en concorrència competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2025.

O resto das liñas de financiamento están en fase de revisión da documentación presentada polos concellos e de requirimento de emenda, con carácter previo á valoración das solicitudes e resolución. Estas liñas de colaboración. resólvense a través do procedemento de concorrència competitiva, isto é a concorrència implica a comparación das solicitudes presentadas, de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria. Xa que logo, todas as solicitudes son avaliadas ao mesmo tempo e baixo os mesmos criterios, polo que todos os proxectos presentados teñen as mesmas oportunidades e non poden facerse estimacións de potenciais beneficiarios antes da proposta de resolución".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

Asinado por: VAZQUEZ DOMINGUEZ, SANDRA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 02/05/2025 10:49:41

CSV: BOPGDSPG-12daT24Zq-0
Verificación: <https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

CVE: 2K9HHA5Ca2
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2025 13:31:43
Nº Rexistro: 24790
Data envío: 02/05/2025 13:31:43.112

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/05/2025 13:31:47

CSV: BOPGDSPG-12daT24Zq-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 22608**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso, dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **"as características da sala de atención a vítimas especialmente vulnerables externa aos edificios xudiciais que se creará no concello de Ferrol e os prazos para a súa posta en marcha"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Concellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A primeira sala galega de atención vítimas especialmente vulnerables externa aos edificios xudiciais porase en marcha en Ferrol este ano. O novo espazo situarase no centro de menores co obxectivo de crear unha contorna amigable que posibilite a atención integral a estas vítimas, sen que teñan que acudir a diferentes dependencias e repetir a súa historia ao verse inmersas nun proceso xudicial. A iniciativa nace como proxecto piloto coa vontade de estenderse ao resto das cidades galegas, que xa contan con estas instalacións, coñecidas como salas Gesell, integradas en edificios xudiciais.


A nova sala contará coa dotación tecnolóxica, a infraestrutura e o mobiliario axeitados para a realización da entrevista forense, que é gravada e todos os profesionais implicados poden visualizala por circuío pechado".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez



PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

Asinado por: VAZQUEZ DOMINGUEZ, SANDRA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 02/05/2025 10:49:40

CSV: BOPGDSPG-12daT24Zq-0
Verificación: <https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>
CVE: AT3aeQIEQR11
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2025 13:31:55
Nº Rexistro: 24791
Data envío: 02/05/2025 13:31:55.831

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/05/2025 13:31:57

CSV: BOPGDSPG-12daT24Zq-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2025 13:33:23
Nº Rexistro: 24795
Data envío: 02/05/2025 13:33:23.408

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 22645**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas, sobre **"as medidas de reforzo positivo da lingua galega que está a impulsar o Goberno galego no ámbito das administracións públicas e da xustiza"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"Conforme á Lei de Normalización Lingüística, o galego e o castelán empréganse indistintamente na Administración de Xustiza, tanto pola cidadanía como polo persoal da Administración de Xustiza.


En todo caso, o Goberno galego impulsa o emprego do galego no ámbito xudicial mediante distintas iniciativas como a formación, e o fomento de programas, aplicacións e tradutores".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez



PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

Asinado por: VAZQUEZ DOMINGUEZ, SANDRA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 02/05/2025 10:49:41

CSV: BOPGDSPG-12daT24Zq-0
Verificación: <https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

CV: pxcas3eRpmU1
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2025 13:33:23
Nº Rexistro: 24795
Data envío: 02/05/2025 13:33:23.408

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/05/2025 13:33:25

CSV: BOPGDSPG-12daT24Zq-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 22674**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **"as medidas que o Goberno galego prevé engadir en caso de poñer en marcha o II Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O I Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024 constituíu unha iniciativa pioneira a nivel autonómico, deseñada para articular diferentes políticas públicas que permitisen dar unha resposta integral e coordinada ás situacións de trata con fins de explotación sexual e contribuír á súa prevención e erradicación.

A súa implementación contribuíu de maneira significativa á mellora da calidade de vida das vítimas e superviventes, maioritariamente mulleres e nenas, mediante a ampliación e mellora dos servizos e recursos dispoñibles. En liñas xerais, o plan permitiu habilitar espazos seguros para a protección, recuperación e reintegración social, ao tempo que se reforzaron os procesos de detección, identificación e protección das vítimas, consolidando os recursos de atención integral dirixidos ás mulleres, nenas e nenos afectados por esta forma de violencia.

Ao longo dos tres anos de vixencia do plan (2022-2024), executáronse 44 das 59 medidas previstas, o que supón un grao de cumprimento do 74,58 %. Así mesmo, cumpre mencionar que entre os logros máis salientables destacan:

- **Prevención e sensibilización social:** Desenvolvéronse múltiples campañas de comunicación e xornadas divulgativas para aumentar a visibilidade e concienciación sobre a trata e a explotación sexual, especialmente entre a poboación máis nova.
- **Fortalecemento dos servizos de apoio integral:** Melloráronse os recursos psicolóxicos, médicos, xurídicos e habitacionais, favorecendo unha atención máis ampla e eficaz ás vítimas e a súa reintegración na sociedade.
- **Reforzo dos mecanismos de detección, identificación e protección:** A través da formación específica de profesionais dos ámbitos sanitario, xudicial e das forzas de seguridade, así como do desenvolvemento de ferramentas de intervención, avanzouse na mellora dos procesos de detección, identificación e protección das vítimas de trata.
- **Coordinación interinstitucional:** Impulsouse a colaboración entre administracións públicas, forzas de seguridade e entidades especializadas como a Rede Galega contra a Trata, configurando un modelo de prevención e intervención conxunta. Esta coordinación supuxo un reto importante pola necesidade de aliar múltiples actores e esforzos nunha estratexia común.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





- Impulso á investigación e sensibilización no ámbito universitario: Promovéronse estudos e accións de concienciación nas universidades galegas, fomentando a xeración de coñecemento e a reflexión crítica sobre a trata e a violencia sexual entre a comunidade universitaria.

Aínda que a avaliación global do plan é positiva e os avances acadados son notables, cómpre sinalar que determinadas medidas requiren de máis tempo para a súa completa execución.

Tendo en conta as medidas implementadas e os resultados acadados ao abeiro do I Plan, actualmente estase avanzando na elaboración dun II Plan.

A elaboración do II Plan desenvolverase a través dunha metodoloxía participativa, dando un papel central ás organizacións especializadas na atención a vítimas de trata con fins de explotación sexual e a outros abusos no contexto da prostitución. Destaca o papel da Rede Galega contra a Trata Sexual, composta por entidades con ampla experiencia e contacto directo e diario coa realidade das vítimas, o que as sitúa como axentes clave para detectar necesidades, debilidades e propostas de mellora no deseño das políticas públicas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/05/2025 16:33:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2025 16:33:35
Nº Rexistro: 25071
Data envío: 07/05/2025 16:33:35.220

CSV: BOPGDSPG-12daT24Zq-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 22727**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto da disposición da Administración de xustiza das ferramentas precisas para poder desenvolver a súa xestión en galego ou en castelán de forma indistinta"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O sistema de tramitación procesual Minerva-NOX é un programa de titularidade do Ministerio de Xustiza.

Indicar neste contexto que o Ministerio de Xustiza no seno do CTEAJE está traballando nun procedemento que facilita a xestión das solicitudes de tradución das aplicacións TIC da Administración de Xustiza para facilitar e promover o uso das linguas cooficiais das Comunidades Autónomas de Galicia, País Vasco, Cataluña e da Comunidade Valenciana.

Este proxecto parte do recoñecemento e da defensa da protección e promoción das linguas cooficiais, conforme ao disposto no marco do artigo 3 da Constitución Española, dos Estatutos de Autonomía e da Carta Europea de Linguas rexionais e Minoritarias, ratificada por España.

Ademais, coa entrada en vigor da Lei de Eficiencia Organizativa e a transformación dos xulgados en tribunais de instancia, o Ministerio ten previsto a implantación dun novo sistema procesual, "Atenea".

Salientar tamén que na Administración de Xustiza o galego e o castelán empréganse indistintamente, tanto pola cidadanía como polo persoal, conforme á Lei de Normalización Lingüística".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/05/2025 16:33:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2025 16:33:29
Nº Rexistro: 25070
Data envío: 07/05/2025 16:33:29.908

CSV: BOPGDSPG-12daT24Zq-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 22786**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luís Bará Torres, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia en relación co traslado das instalacións que ten no espazo natural de interese local Xunqueira de Alba, en Pontevedra"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A parcela de Xunqueira de Alba foi adscrita á Xunta de Galicia do Decreto de Transferencias do Estado en materia de Estradas en 1983. Neste espazo está un parque de vehículos de AXI de medios de conservación, que non se prevía trasladar a curto prazo.

O concello de Pontevedra en reunións coa Xunta, ten reclamado que a AXI retire as súas instalacións, e que libere e rexenere a parcela. Dende a Xunta, en todo momento respondeuse que as instalacións foran xa transferidas polo Estado nestas condicións, que a administración responsable do ENIL é o concello, e que se o concello quería promover esta actuación, debía ser parte activa asumindo a súa responsabilidade na xestión do ENIL. Por parte da Xunta, tense a maior vontade de colaboración ao respecto".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2025 16:33:23
Nº Rexistro: 25069
Data envío: 07/05/2025 16:33:23.752

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/05/2025 16:33:23

CSV: BOPGDSPG-12daT24Zq-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 22937**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores, sobre **"a postura do Goberno galego en relación coa política exterior do actual presidente de Estados Unidos e coa decisión da Comisión Europea de constituír un fondo extraordinario para incrementar os gastos de defensa"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"Nestes tempos de inestabilidade na situación xeopolítica, o Goberno galego non se pronuncia sobre hipóteses de moi difícil ou imposible concreción. En todo caso, apoia unhas relacións internacionais suxeitas a normas, baixo os principios de igualdade soberana, non agresión e respecto aos postulados do dereito internacional.

O Goberno galego apoia a volta ao alto o fogo en Gaza e a aplicación dos plans iniciais que incluían a liberación dos reféns, o intercambio de prisioneiros, a entrada de axuda humanitaria e a reconstrución da Franxa.

O Goberno galego é consciente da necesidade de garantir a seguridade en Europa, única forma de defender os principios e valores que sustentan o noso modo de vida, o que fai imprescindible o incremento do gasto en seguridade e defensa. A Alianza Atlántica está chamada a xogar un papel disuasorio de aventuras expansionistas que atentan contra a paz e a estabilidade nas relacións internacionais".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2025 11:16:47
Nº Rexistro: 24934
Data envío: 06/05/2025 11:16:47,761

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/05/2025 11:16:47

CSV: BOPGDSPG-12daT24Zq-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 22966**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Oscar Insua Lema e don Luis Bará Torres, sobre **"o impulso das obras da Autovía da Costa da Morte"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A pregunta escrita fai referencia á resposta á pregunta 19955. Neste sentido, é importante reiterar unha vez máis que un dos obxectivos do Goberno galego é avanzar na vertebración do territorio para acadar unha Galicia cada vez máis comunicada e sostible. Neste obxectivo enmárcanse os seus investimentos en materia de estradas, orientados a seguir incorporando progresivamente novos quilómetros de vías de altas prestacións ao tempo que se destinan orzamentos para o mantemento da rede actual de estradas autonómicas.

Tamén cómpre reiterar que o Goberno galego avanzou ao longo destes anos nunha infraestrutura comprometida polo anterior goberno, que recorrera á colaboración público – privada para a súa materialización pero na que non foron quen de avanzar. Foi posteriormente, e na época de menores recursos orzamentarios pola priorización do gasto social na época da crise económica cando se materializou o tramo entre e Carballo e Baio e a variante de Baio. Estes 28 quilómetros (25,41 de autovía e 2,04 de corredor) que comunica os concellos de Carballo (no que conecta coa AG-55), Coristanco, Cabana de Bergantiños, Zas e o termo municipal de Vimianzo (ata Santa Irena), un vial que supuxo unha mellora substancial, en tempo e seguridade, para os seus usuarios.

Ao respecto dos detalles do proxecto e as perspectivas para a continuidade das obras, dado que a referencia á intervención do Director da Axencia Galega de Infraestruturas na súa resposta á pregunta oral na Comisión 2º do 20 de setembro de 2024, cómpre sinalar que se está a preparar a aprobación do proxecto, co obxectivo de licitar a execución das obras pola vía orzamentaria".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2025 16:33:18
Nº Rexistro: 25068
Data envío: 07/05/2025 16:33:18.174

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/05/2025 16:33:17

CSV: BOPGDSPG-12daT24Zq-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 24220**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona María Carmen Rodríguez Dacosta, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"o nivel de execución dos programas orzamentarios relativos ás políticas activas de emprego, concretamente no que atinxe ao fomento da empregabilidade, e as previsións ao respecto"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"A contabilidade do ano 2024 dos programas de gastos 322A, 323A e 323B dos orzamentos xerais da Xunta de Galicia rexistra unha execución moi superior ás porcentaxes que se recollen na pregunta (entre o 41,5% e o 46,6%).

A media de execución en 2024 dos programas mencionados achégase ao 80%. Parece probable que a cifra que se menciona na pregunta responda a un cálculo erróneo. A porcentaxe acádase poñendo en relación os compromisos de crédito, a 31 de decembro co crédito vixente, formado este último polo crédito inicial e máis as modificacións de crédito posteriores e que, polo tanto, inclúe as incorporacións de crédito realizadas para amparar os compromisos pendentes de pago a 31 de decembro do exercicio anterior.

Un hipotético cálculo que puxese en relación os pagos realizados respecto do crédito vixente non sería correcto pola falta de homoxeneidade entre as cifras que se poñen en relación por incluír o denominador cantidades duplicadas (un importe que queda en saldo D a 31 de decembro computa, polo menos, en dous exercicios orzamentarios, mentres que o pago unicamente se vai computar como tal no exercicio no que se realiza o pago efectivo).

Adicionalmente, cabe facer constar que a existencia dunha porcentaxe dos créditos orzamentarios que non acada a fase D a 31 de decembro, non implica que eses créditos non fosen empregados. Como consecuencia de múltiples factores como son a insuficiente concorrencia de potenciais beneficiarios ou licitadores nas medidas de formación e orientación laboral, as renuncias a subvencións concedidas ou os reaxustes de créditos por demoras na execución por parte dos beneficiarios, as correspondentes cantidades ben non acadan a fase D ou ben esta é anulada nalgún momento do exercicio.

Un achegamento a esta circunstancia pode ser a porcentaxe de créditos autorizados sobre o crédito vixente a 30 de decembro de 2024, un día antes da data de peche do exercicio e que, polo tanto, non incorpora aínda as anulacións automáticas dos saldos de autorización que se realizan con data 31 de decembro, como parte das operacións contables de peche do exercicio.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Esta cifra acada o 89,32% de execución na área de emprego, e aínda habería que ter en conta que, en moitos casos, a fase A foi anulada ao longo do exercicio antes do 30 de decembro, polo que a porcentaxe real de utilización dos fondos é superior”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2025 16:33:12
Nº Rexistro: 25067
Data envío: 07/05/2025 16:33:12.924

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/05/2025 16:33:12

CSV: BOPGDSPG-12daT24Zq-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 24225**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona María Carmen Rodríguez Dacosta, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"o nivel de execución dos programas orzamentarios relativos ás políticas activas de emprego, concretamente no que atinxe á formación profesional para desempregados, e as previsións ao respecto"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"A contabilidade do ano 2024 dos programas de gastos 322A, 323A e 323B dos orzamentos xerais da Xunta de Galicia rexistra unha execución moi superior ás porcentaxes que se recollen na pregunta (entre o 41,5% e o 46,6%).

A media de execución en 2024 dos programas mencionados achégase ao 80%. Parece probable que a cifra que se menciona na pregunta responda a un cálculo erróneo. A porcentaxe acádase poñendo en relación os compromisos de crédito, a 31 de decembro co crédito vixente, formado este último polo crédito inicial e máis as modificacións de crédito posteriores e que, polo tanto, inclúe as incorporacións de crédito realizadas para amparar os compromisos pendentes de pago a 31 de decembro do exercicio anterior.

Un hipotético cálculo que puxese en relación os pagos realizados respecto do crédito vixente non sería correcto pola falta de homoxeneidade entre as cifras que se poñen en relación por incluír o denominador cantidades duplicadas (un importe que queda en saldo D a 31 de decembro computa, polo menos, en dous exercicios orzamentarios, mentres que o pago unicamente se vai computar como tal no exercicio no que se realiza o pago efectivo).

Adicionalmente, cabe facer constar que a existencia dunha porcentaxe dos créditos orzamentarios que non acada a fase D a 31 de decembro, non implica que eses créditos non fosen empregados. Como consecuencia de múltiples factores como son a insuficiente concorrencia de potenciais beneficiarios ou licitadores nas medidas de formación e orientación laboral, as renuncias a subvencións concedidas ou os reaxustes de créditos por demoras na execución por parte dos beneficiarios, as correspondentes cantidades ben non acadan a fase D ou ben esta é anulada nalgún momento do exercicio.

Un achegamento a esta circunstancia pode ser a porcentaxe de créditos autorizados sobre o crédito vixente a 30 de decembro de 2024, un día antes da data de peche do exercicio e que, polo tanto, non incorpora aínda as anulacións automáticas dos saldos de autorización que se realizan con data 31 de decembro, como parte das operacións contables de peche do exercicio.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Esta cifra acada o 89,32% de execución na área de emprego, e aínda habería que ter en conta que, en moitos casos, a fase A foi anulada ao longo do exercicio antes do 30 de decembro, polo que a porcentaxe real de utilización dos fondos é superior”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/05/2025 16:33:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2025 16:33:07
Nº Rexistro: 25066
Data envío: 07/05/2025 16:33:07.205

CSV: BOPGDSPG-12daT24Zq-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 24230**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona María Carmen Rodríguez Dacosta, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"o nivel de execución dos programas orzamentarios relativos ás políticas activas de emprego, concretamente no que atinxe á formación profesional para ocupados, e as previsións ao respecto"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"A contabilidade do ano 2024 dos programas de gastos 322A, 323A e 323B dos orzamentos xerais da Xunta de Galicia rexistra unha execución moi superior ás porcentaxes que se recollen na pregunta (entre o 41,5% e o 46,6%).

A media de execución en 2024 dos programas mencionados achégase ao 80%. Parece probable que a cifra que se menciona na pregunta responda a un cálculo erróneo. A porcentaxe acádase poñendo en relación os compromisos de crédito, a 31 de decembro co crédito vixente, formado este último polo crédito inicial e máis as modificacións de crédito posteriores e que, polo tanto, inclúe as incorporacións de crédito realizadas para amparar os compromisos pendentes de pago a 31 de decembro do exercicio anterior.

Un hipotético cálculo que puxese en relación os pagos realizados respecto do crédito vixente non sería correcto pola falta de homoxeneidade entre as cifras que se poñen en relación por incluír o denominador cantidades duplicadas (un importe que queda en saldo D a 31 de decembro computa, polo menos, en dous exercicios orzamentarios, mentres que o pago unicamente se vai computar como tal no exercicio no que se realiza o pago efectivo).

Adicionalmente, cabe facer constar que a existencia dunha porcentaxe dos créditos orzamentarios que non acada a fase D a 31 de decembro, non implica que eses créditos non fosen empregados. Como consecuencia de múltiples factores como son a insuficiente concorrencia de potenciais beneficiarios ou licitadores nas medidas de formación e orientación laboral, as renuncias a subvencións concedidas ou os reaxustes de créditos por demoras na execución por parte dos beneficiarios, as correspondentes cantidades ben non acadan a fase D ou ben esta é anulada nalgún momento do exercicio.

Un achegamento a esta circunstancia pode ser a porcentaxe de créditos autorizados sobre o crédito vixente a 30 de decembro de 2024, un día antes da data de peche do exercicio e que, polo tanto, non incorpora aínda as anulacións automáticas dos saldos de autorización que se realizan con data 31 de decembro, como parte das operacións contables de peche do exercicio.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Esta cifra acada o 89,32% de execución na área de emprego, e aínda habería que ter en conta que, en moitos casos, a fase A foi anulada ao longo do exercicio antes do 30 de decembro, polo que a porcentaxe real de utilización dos fondos é superior”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/05/2025 16:33:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2025 16:33:00
Nº Rexistro: 25065
Data envío: 07/05/2025 16:33:00,518

CSV: BOPGDSPG-12daT24Zq-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

